

09/05/2023

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DE DMD GALICIA do 30 de marzo de 2023

En Santiago de Compostela, na Facultade de Filosofía da USC, ás 17 horas do xoves 30 de marzo de 2023, celébrase a Asemblea anual ordinaria de DMD Galicia coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 17 de marzo de 2022.
2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria de actividade de 2022.
3. Informacións e proxectos de actividade para o ano en curso.
4. Suxestións e preguntas.

Queda validamente constituída a Asemblea en segunda convocatoria, ás 17 horas, coa presenza das socias e socios que se relacionan:

Miguel Anxo García Álvarez, Isabel Blanco Domínguez, Ascensión Cambrón Infante, Xulia Novales Ordax, M^a das Neves Núñez Delgado, Laura Fernández Abalde, Alexandra Sanmarful Schwarz, Julia Mallo Vieiro, Nanina Santos Castroviejo, Pilar Pérez Rey, Luisa Cuevas Raposo, Tomás Heras Evora, Filomena Gómez Prieto, Adriana Santos Muñoz, Elvira Landín Aguirre, Xosé Antón García Ferreiro e Antón Ocampo Cardalda.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 17 de marzo de 2022.

A acta foi recibida con anterioridade por todas as persoas socias, así que non é lida por acordo da Asemblea. Apróbase por unanimidade das asistentes á mesma e coa abstención das presentes que non asistiron.

2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria de actividade de 2021.

A Memoria foi recibida con anterioridade por todas as persoas socias, así que se procede, por acordo, a un repaso xeral da mesma, sen entrar na súa lectura pormenorizada.

Xulia Novales comenta o seu contido máis salientable:

- No capítulo de “acción política”, os contactos cos partidos parlamentarios da oposición, que remataron cunha sesión de preguntas no Parlamento galego, e a recollida de sinaturas no marco dunha campaña para acadar que o 12 de xaneiro sexa declarado Día da Morte Digna en Galicia.
- No capítulo de “expansión”, 17 actividades de difusión, os contactos con outros colectivos e a realización da I Xornada de Morte Digna en Galicia.
- No capítulo de “comunicación”, as entrevistas en diversos medios e os comunicados de prensa denunciando a deficiente aplicación da LORE, a falta de formación do persoal sanitario, a falta de unidades de rexistro do Documento de instrucións previas (en adiante DIP), así como a demora en incluír a opción da eutanasia no mesmo.
- No capítulo de “atención personalizada” cede a palabra a Isabel Blanco.
- No capítulo de “xestión” cede a palabra a Ascensión Cambrón.

En resumo, e cotexando co plan estratéxico anual de DMD Galicia (recollido na acta da asemblea do 17 de marzo de 2022), o balance final é que o traballo desenvolvido ao longo do ano foi moi positivo e que se acadaron a meirande parte dos obxectivos.

A destacar: o cambio no DIP do SERGAS de resultas das presións exercidas por nós a través dos medios, a atención personalizada tanto a través do correo como directamente, e a presenza de cara a opinión pública. A denunciar: a falta de datos oficiais a día de hoxe, que serán reclamados proximamente mediante un comunicado de prensa.

Por último, procede a unha invitación a participar activamente na asociación a todas as persoas asociadas.

Isabel Blanco intervén para comentar o apartado 4 da memoria, “atención personalizada”:

En DMD Galicia informamos e asesoramos sobre dereitos sanitarios recoñecidos, en calquera cuestión relacionada coa LORE e a prestación de axuda a morrer (en adiante PAM) e sobre o DIP. Dispoñemos dun teléfono de atención directa, aínda que os casos máis complicados derivámoslos a atención personalizada de DMD Federal. Chama a atención sobre o descoñecemento do persoal sanitario en relación á LORE á hora de resolver as situacións que se lle presentan.

Dentro dos casos atendidos este ano destaca:

- o informe dun médico responsable coaccionando con alternativa de tratamento a unha persoa que solicitou a prestación de axuda para morrer.
- a demora e o trato na solución dunha solicitude a unha persoa con múltiples patoloxías e que cumpría os requisitos.
- a situación dunha muller en tratamento oncolóxico que recibiu a resposta á súa petición da PAM pasados 5 meses desde a súa presentación. Posteriormente, esta muller solicitou o aprazamento da prestación, aprazamento que recibiu una resposta positiva por parte da Comisión, pero con limitacións do dereito previamente recoñecido. DMD Galicia presenta un escrito ante a presidenta da Comisión de Garantía e Avaliación de Galicia deixando constancia da súa valoración discrepante en relación aos términos en que a Comisión resolveu dita solicitude. DMD Galicia entende que hai esixencias nesa resposta que non son aceptables, pois son limitativas do dereito á prestación previamente concedido, ademais de atribuír ao médico ou médica responsable unha función que non lle corresponde. Non existe un prazo legal para o aprazamento, e tampouco hai que revisar a aceptación do dereito previamente recoñecido, cuestións que aparecen no escrito de resposta da Comisión.

Ascensión Cambrón comenta as contas do ano 2022, que figuran no apartado 5 da memoria:

DMD Galicia tivo uns ingresos de 15.667 € e un gasto total de 16.348,85 €. Estes gastos divídense en dous grupos: dunha banda o gasto directo, que se deriva fundamentalmente do desenvolvemento das actividades de DMD Galicia e que foi de 4.157,89 € e, doutra banda, a parte correspondente a Galicia do mantemento da estrutura común de DMD Federal e que ascende a 12.190,96 €. O detalle dos gastos figuran nos seguintes epígrafes do cadro, na memoria. O resultado deficitario ten a súa explicación no funcionamento da Caixa Común, que se explica na memoria.

Á pregunta da socia Elvira Landín sobre o rexistro de obxección de conciencia responde Miguel Anxo que existe ese rexistro.

Sobre a chamada ao activismo das persoas socias, Miguel Anxo García entende que corresponde á directiva organizar esa proposta e resolvela na práctica.

Miguel Anxo traslada a súa reflexión sobre o lugar da DMD agora que temos lei de eutanasia, considerando que acadar un dereito non implica a súa garantía. O traballo ha de consistir en reclamar a súa materialización como corresponde. Neste sentido, o papel da DMD pasa por vixiar que se están aplicar os instrumentos previstos na LORE, denunciar a falta de formación das persoas que deben materializala, vixiar que se corrixen os problemas relacionados co DIP (falta de promoción e falta de puntos de rexistro). Ademais, a DMD ten asumida a tarefa de sensibilización social dun dereito recoñecido legalmente pero non comprendido aínda por amplos sectores sociais, por unha interesada omisión das súa preceptiva función divulgativa da administración encargada da mesma. Por último, acompañar, axudar e facilitar unha morte digna segue a ser unha tarefa imprescindible da asociación.

Intervén Luisa Cuevas para suxerir algunhas ideas para incentivar a participación:

- convocar reunións de socias e socios onde sexa posible
- organizar charlas conxuntamente cos sindicatos
- procurar a visibilidade nos actos de rúa como manifestacións nos que participe a DMD
- repartir panfletos nas portas de lugares como supermercados ou outros de frecuente tránsito de persoas
- achegarse ás asociacións de veciñas e veciños.

Apróbase a Memoria de 2021 por unanimidade.

3. Informacións e proxectos de actividade para o ano en curso.

Miguel Anxo García esboza un traballo de continuidade, en liña co que xa vimos facendo, e tendo en conta que o vindeiro ano, por estas datas, debemos proceder á renovación da Xunta Directiva, de acordo co establecido nos estatutos:

- Manter a tensión coas circunstancias de aplicación da LORE.
- Trasladar á sociedade a súa responsabilidade en todo o relacionado coa aplicación dos dereitos recoñecidos.
- Esixir o preceptivo informe anual, que debe ser de calidade e non unha mera presentación de cifras, para garantir que se está a avanzar no dereito.
- Denunciar os incumprimentos da administración en materia de formación do persoal sanitario que debe aplicar a LORE.
- Avanzar no DIP, resolvendo as carencias sinaladas anteriormente.
- Chegar a final de ano cunha proposta á Xunta de Galicia para institucionalizar o 12 de xaneiro como DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA, utilizando o respaldo parlamentario e a campaña de sinaturas recollidas.
- Manter a atención personalizada como actividade básica da asociación.
- Avanzar na sensibilización, a través da formación das persoas procedentes da DMD e doutros axentes sociais.

Intervén Isabel Blanco para comentar a posibilidade de preparar un acto para o 25 de xuño, 2º aniversario da aprobación da LORE. Asimesmo, recorda que debemos empezar a traballar na preparación da II Xornada de Morte Digna en Galicia.

Intervén Miguel Anxo García para recordar cuestións xudiciais pendentes:

- a consideración de DMD Galicia como entidade de utilidade pública
- a inminente resolución do Tribunal Constitucional sobre a LORE

4. Suxestións e preguntas.

Ascensión Cambrón quere facer un acto de recoñecemento no día de hoxe, 1º cabodano do seu pasamento, ao primeiro cidadán galego que pediu en xaneiro de 2022 a eutanasia. Insiste na conveniencia de que as persoas asociadas espallemos a outras a necesidade e o interese do traballo da DMD.

Antón G. Ferreiro propón a vía da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para procurar o obxectivo de declarar o 12 de xaneiro Día da Morte Digna na nosa Comunidade, en caso de que non se consiga ese obxectivo pola vía que temos en marcha. Ademais dunha alternativa, pode resultar interesante e útil a efectos de impacto público.

Sen máis asuntos que tratar, rematamos a Asemblea ás 18.30 horas